

ASUNTO: ANUNCIO DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS DATAS E HORAS DE PAGAMENTO, OCUPACIÓN E CONSIGNACIÓN FIXADAS PARA O ABOAMENTO, POLO CONCELLO, DO IMPORTE TOTAL DOS PREZOS XUSTOS QUE FIGURA NO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN PARCIAL DA URBANIZACIÓN DAS RÚAS BASANTA E ESPÍÑO COA VALORACIÓN DE SOLO ACTUALIZADA A DECEMBRO 2016.

ANUNCIO

A concelleira delegada titular da Área de Urbanismo e Mobilidade por delegación da Alcaldía de 11/10/2016 (BOP 26/10/2016), con data 02/10/2017 aprobou elevándoa a resolución unha proposta da Xefatura de Servizo de Urbanismo e Infraestruturas, que literalmente transcrita di así:

“1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/08/2017 aprobouse a proposta de resolución de alegacións e aprobouse definitivamente o proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para a execución parcial da urbanización parcial das rúas Espiño e Basanta e acordos complementarios, coa substitución das follas de aprecio das fincas núm. 5, 7, 10, 12 e 17 do proxecto de expropiación polas que obran anexas ao informe-proposta de alegacións aprobado. Na dita Xunta de Goberno Local acordouse facultar á concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade para fixar as datas para o pagamento/consignación e ocupación dos bens e dereitos afectados así como os demais actos de execución que desenvolvan os acordos adoptados en relación ao presente expediente expropiatorio, sen prexuízo de que, no seu caso, continúe o procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto perante o Xurado de Expropiación de Galicia.

2.- Consonte aos artigos 118.10 da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG) e 293.10 do Regulamento da LSG terse declarada a urxencia de ocupación dos bens e dereitos afectados coa aprobación definitiva do expediente expropiatorio.

3. -Polo anterior procede fixar as datas nas que se procederá ao levantamento das correspondentes actas de pagamento/consignación e ocupación de conformidade cos artigos 49 e 50 da Lei de expropiación forzosa.

En consecuencia, convócase e cítase aos titulares de bens e dereitos afectados por este expediente para proceder ao levantamento das actas de pagamento e ocupación que se levará a cabo **na segunda planta (negociado de obras) da Casa consistorial do Concello de Ferrol**, sito na praza de Armas s/n, nos días e horas que se indican nesta proposta. As actas de ocupación levantarase a continuación da correspondente acta de pagamento, agás que o xusto prezo tivese que ser consignado, e en tal caso levantarase a acta de ocupación no mesmo lugar e nos días e horas sinalados, para este caso, nesta proposta.

4.- Para os ditos actos de pagamento e acta de ocupación terase en conta:

4.1.- Que o pagamento do xusto prezo só se fará efectivo, consignándose no caso contrario, aos interesados que acrediten en legal forma a súa titularidade e para tal efecto o interesado achegará o título de propiedade acompañado da certificación rexistral ao seu favor na que conste que se redactou a nota do artigo 32 do Regulamento Hipotecario ou, no seu defecto, os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificación negativa do Rexistro da Propiedade referida ao mesmo predio descrito nos títulos.

Se existisen cargas sobre as fincas expropiadas (servidumes, usufructos, etc), deberán comparecer os titulares das cargas así como os titulares de dereitos reais e intereses económicos directos sobre o obxecto expropiable e arrendatarios (artigo 43.4 do RDLeg. 7/2015 de 30 de outubro que aproba o Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana).

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida surtirá os efectos previstos nos números 6,7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe o procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo (art. 118.11 da LSG).

4.2 Que se o expropiado non acadise ao acto de pagamento, non quixese aceptar o pagamento ou non presentase os títulos requiridos xustificativos do dominio ou existise disputa respecto á titularidade do ben ou dereito expropiado ou, en xeral, concorresen algún dos supostos do artigo 51 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, consignarase o importe do prezo xusto na Caixa Xeral de Depósitos (artigo 51 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa de 26-04-1957).

4.3.- Que para o cobro do xusto prezo é necesaria a comparecencia do interesado por sí ou debidamente representado mediante poder suficiente e, no caso do que a finca o dereito pertenza a varias persoas é necesaria a comparecencia de todos eles por sí ou debidamente representados con poder bastante.

4.4.- Que para facilitar a confección dos documentos de pagamento e a efectividade deste é preciso que os interesados acheguen copia dos documentos xustificativos dos seus dereitos con anterioridade á data fixada para o levantamento das actas de pagamento, o que poderán facer con anterioridade ás datas fixadas na presente resolución, no departamento de Urbanismo, quinto andar, sito na rúa María, núm. 52-54.

5.- Deberá notificarse a presente proposta aos interesados e publicarse os acordos de aprobación definitiva do proxecto de expropiación e a presente resolución no DOG, no BOP, no Taboleiro de Edictos do Concello, na súa páxina Web e no BOE, o que servirá de notificación aos interesados descoñecidos, aos que se ignore o lugar da súa notificación ou ben que, intentada a notificación non se producira, todo iso de conformidade co previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asemade, deberán notificarse os anteditos acordos ó Ministerio Fiscal para os efectos previstos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa en relación cos interesados descoñecidos e cos non comparecidos no expediente.

As datas e horas para o pago e actas de ocupación son as seguintes:

Nº PARCELA	TITULAR	NIF	SUP. EXPROPIAD A (m ²)	REFERENCIA CATASTRAL	DATA ACTA PAGAMENTO E OCUPACIÓN	TRAS CONSIGNACIÓN DATA ACTA OCUPACIÓN	HORA
1	ANDRÉS MEDÍN FERNÁNDEZ	32590631-E	28	3967707NJ6136N0001TY	23/11/2017	30/11/2017	09:30 H
2	ANDRÉS MEDÍN FERNÁNDEZ	32590631-E	20	3967708NJ6136N0001FY	23/11/2017	30/11/2017	09:30 H
3	ANTONIO LÓPEZ CARBALLEIRA	32463394-K	28	3967709NJ6136N0001MY	23/11/2017	30/11/2017	10:00 H
4	CARMEN CELESTINA PICO PICALLO MANUEL FUENTES CASTRO Mª SOLEDAD FUENTES PICO MANUEL FUENTES PICO	32598201-W 32564282-P 32636904-L 32642278-B	52	3967710NJ6136N0001TY	23/11/2017	30/11/2017	10:20 H
5	MANUEL CARUNCHO PENA MERCEDES PENA GARCÍA ELADIO RIVERA BLANCO ELADIA CARUNCHO PENA	32598594-G 32602260-J 32569131-G 32582920-Q	101	PARTE 3967711NJ6136N0001FY	23/11/2017	30/11/2017	10:40 H
6	ANTONIO GOLPE VIDAL	76308616-K	7	4167512NJ6146N0001MP	23/11/2017	30/11/2017	11:00 H
7	CELESTINA ARTO DÍAZ ANA MARIA GÓMEZ ARTO JUAN RAMÓN GÓMEZ ARTO MARÍA PILAR GÓMEZ ARTO	32101615-D 32620764-W 32648800-R 32634010-T	14	4167511NJ6146N0001FP	23/11/2017	30/11/2017	11:20 H
8	JUAN RICARDO COSTOYA GÓMEZ	32637211-G	17	4167510NJ6146N0001TP	23/11/2017	30/11/2017	11:40 H
9	AMÉRICA POLO LADRA MANUEL CENDÁN GUIZÁN Mª ÁNGELES CENDÁN POLO JESÚS CENDÁN POLO ANA ISABEL CENDÁN POLO ABANCA	76554533-E 33804373-P 32653178-D 32667831-B 32667833-J	17	4167509NJ6146N0001MP	23/11/2017	30/11/2017	12:00 H
10	Mª CARMEN BACELO SAAVEDRA Mª JOSÉ PORTA BACELO Mª ISABEL PORTA BACELO	32509519-P 32652062-C 32624020-S	69	4167508NJ6146N0001FP	24/11/2017	01/12/2017	09:30 H
11	CONSTRUC. VEIGA E HIJOS, SL SAREB, SA	B-70101423 A-86602158	214	PARTE 4167506NJ6146N0001LP	24/11/2017	01/12/2017	09:50 H
12	Mª CARMEN TEIJEIRO RODRÍGUEZ	32613770T	69	PARTE 4167506NJ6146N0001LP	24/11/2017	01/12/2017	10:30 H
13	CONSTRUC. VEIGA E HIJOS, SL SAREB, SA	B-70101423 A-86602158	6	PARTE 4167506NJ6146N0001LP	24/11/2017	01/12/2017	09:50 H
14	Mª JUANA RODRÍGUEZ MORENO	32455109-Q	293	4268206NJ6146N0001RP	24/11/2017	01/12/2017	10:50 H
15	FÉLIX. D. MARTÍNEZ MORENO Mª ISABEL MARTÍNEZ MORENO SUSANA MARTÍNEZ MORENO ALBERTO MARTÍNEZ MORENO	32606498-L 32622584-M 32636609-T 32649570-N	51	4166409NJ6146N0001FP	24/11/2017	01/12/2017	11:10 H
16	Mª ADELINA PERMUY FRAGA CONSTANTINO MORENO PERMUY FÉLIX. D. MARTÍNEZ MORENO Mª ISABEL MARTÍNEZ MORENO SUSANA MARTÍNEZ MORENO ALBERTO MARTÍNEZ MORENO VICTOR C. MORENO PERMUY Mª NIEVES MORENO PERMUY JOSÉ Mª RODRÍGUEZ MORENO	32455113-C 32452133-F 32606498-L 32622584-M 32636609-T 32649570-N 32613636-G 32631859-B 32591700-X	13	4166407NJ6146N0001LP	24/11/2017	01/12/2017	11:30 H
17	DOLORES RIOBÓ MALDE JUAN ALBERTO GONZÁLEZ RIOBÓ ENRIQUE LUIS GONZÁLEZ RIOBÓ CARLOS VICENTE GONZÁLEZ RIOBÓ	32572284-Y 32639469-P 32639468-F 32654893-E	209	4166408NJ6146N0001TP	24/11/2017	01/12/2017	11:50 H
18	JOSÉ LUÍS ROSÓN FERNÁNDEZ ANA SEOANE PENABAD BANCO PASTOR, SA	76573989-G 32689375-G A-86507092	72	4066401NJ6146N0001LP 15037A001002930000PL	24/11/2017	01/12/2017	12:10 H

Polo exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Urbanismo e Mobilidade a adopción dos seguintes acordos:

1º) Aprobación das datas e horas de pagamento, ocupación e consignación fixadas no presente informe-proposta para o aboamento polo Concello do importe do total dos prezos xustos, que ascende á contía de 54.053,37 euros, que figura no proxecto de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución parcial da urbanización das rúas Basanta e Espiño aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local de data de 16/08/2017 segundo o importe reflectido, para cada finca, na respectiva folla de aprecio contida no informe-proposta de resolución de alegacións que forma parte do proxecto de expropiación aprobado definitivamente.

2º) Notificar a presente resolución aos interesados e publicar a presente resolución no DOG, no BOP no BOE, no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina Web.

3º) Notificar ao Ministerio Fiscal, para os efectos do art. 5 da LEF, a presente resolución xunto co acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación dos bens e dereitos necesarios para execución parcial urbanización das rúas Basanta e Espiño.”

Fronte á presente resolución non cabe recurso administrativo algún, ao tratarse dun acto de execución do acordo da Xunta de Goberno Local do 16/08/2017.

A presente notificación, mediante a súa publicación no BOE, surtirá os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para todos aqueles interesados aos que non se lle puidese practicar a notificación, se ignore o lugar da notificación ou resulten descoñecidos no expediente.

Ferrol,

A concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade,
por delegación da Alcaldía de 11/10/2016 (BOP 26/10/2016)

María Fernández Lemos